

Ola mozas/mozos:

Como "andamos" de ánimo? Abofé que é complicado, nestas circunstancias, exhibir un sorriso, pero a primeira obriga dun "chico/chica" coma ti é ser feliz, aínda que este "zombi" nolo intente poñer difícil.

Ben, axiña poderás saír dar paseos e relacionarte coas amigas/amigos, pois a vida continúa e ás túas ganas de vivir non hai quen lle poida poñer freo. Seguro que incluso conseguimos facer a graduación!

Claro está que primeiro es ti, a túa familia e os teus seres queridos. Isto ten que estar sempre nun primeiro plano, pero non podemos esquecernos da túa formación e, por iso quero explicarche un pouco como imos traballar nesta avaliación.

O primeiro que quero dicirche é que contes comigo, se é que me necesitas, e que non deixes pasar ningunha dúbida sen aclarar.

Por outra parte, comentarche que entre as tarefas que realizarás esta avaliación, terás que enviarme algunhas para seguir un pouquiño a túa evolución e ver o traballo que vas realizando. Non te asustes, van ser as xustas.

Haberá, dentro das tarefas, un apartado de REFORZO E RECUPERACIÓN e outro apartado de CONTINUIDADE, que irás vendo na páx. Web do cole. Indicaráseseche, anonimamente, o apartado co que tes que traballar.

Así, por exemplo, gustaríame ler os exercicios de expresión escrita que vas realizando (narracións, descricións e diálogos) e que me mandarás ao e-mail do titor de 6º. Tamén sería interesante ver os ensaios-control que che propoño das diferentes asignaturas e que recibiría pola mesma canle (escaneados, por exemplo). Ademais, nas mates, poderías enviarme, ao finalizar o tema, os exercicios feitos do apartado titulado : EL DESAFÍO (só hai un por cada tema e... só quedan tres temas!).

Non é necesario que fagas todos e cada un dos exercicios propostos. Elimina os que sexan repetitivos ou redundantes (como facíamos na clase) e pensa que o teu lecer tamén é importante.

En fin, que vendo o bo traballo que, como norma xeral, realizastes nas anteriores avaliacións, esta terceira vai ser un tranquilo paseo.

Esperando que todo vaia ben no teu entorno...una aperta.

O titor.